



INICIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

O procedemento referido aos prazos de presentación de documentos por parte das familias faise ao través dunha das dúas fases que se describen a continuación:

FASE 1. Solicitud de reserva de prazas para alumnado que está adscrito ao IES Xesús Taboada Chivite. [REMATADA]

Quen a fai?

Todo o **alumnado dos centros adscritos ao IES Xesús Taboada Chivite**. Estes centros son:

- CEIP Amaro Refojo (Verín).
- CEIP Princesa de España (Verín).
- CPR María Inmaculada (Verín).
- CPI Laureano Prieto (A Gudiña).

Que hai que facer?

Presentar no centro de orixe o **anexo ED550A** (*descarga pulsando sobre o seguinte*).

https://drive.google.com/file/d/1Y4SeUf9T0Umk11OsgwJBZl3Qfaawbq8H/view?usp=share_link

Cando se fai a reserva e cando se consultan as listaxes?

O prazo de solicitudes abranguerá do **16 de xaneiro ao 6 de febreiro do 2023, ambos incluídos**.

A consulta das listaxes de alumnado admitido, que se publicarán a partir do 23 de febreiro, debe realizarse no centro no que está matriculado no presente curso ou na aplicación *admissionalumnado*.

FASE 2. Solicitud de admisión.

Quen a fai?

O alumnado procedente de centros non adscritos ao IES Xesús Taboada Chivite que quere continuar os seus estudos neste instituto.

Que hai que facer?

Cubrir o **anexo ED550B** (*descarga pulsando sobre o seguinte*).

https://drive.google.com/file/d/1ZIKGpFOpiY_XqdBW2YyIHL-pliA-15oO/view?usp=share_link

Cando se fai a ADMISIÓN e como se procede?

- O prazo de presentación das solicitudes de ADMISIÓN abrangue do **1 ao 20 de marzo**.
- As formas de facer a solicitude son as seguintes:
 1. Descargar o anexo ED550B cubriilo (manual ou dixitalmente) e entregalo na Oficina do *IES Xesús Taboada Chivite*.
 2. Cubrir a solicitude seguindo a ruta Solicitudes>Admisión>Crear no aplicativo: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>
Unha vez cuberto premendo no botón “Crear e Confirmar”, poderase descargar a solicitude para asinar e presentar na Oficina do *IES Xesús Taboada Chivite*
 3. Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica (deberá ser usuario da Chave 365 ou dispor dun certificado dixital).

Outra información adicional.

➤ **Publicación de listaxes:**

O **25 de abril**, publicaranse, no taboleiro de anuncios, as listaxes provisionais de alumnos/as admitidos/as e excluídos/as, que poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación (**do 26 de abril ao 2 de maio**). Unha vez resoltas as reclamacións publicaranse, o día **15 de maio**, as listaxes definitivas de alumnado admitido ordenadas po puntuación no taboleiro de anuncios situado na oficina do centro.

➤ **Vacantes:**

A oferta provisional de postos escolares dispoñibles para o curso 2022/2023, descontando ao alumnado deste centro que xa teñen garantida a permanencia e ao alumnado dos centros adscritos que reservaron praza, é a seguinte:

1º ESO: 11 prazas

2º ESO: 39 prazas

3º ESO: 18 prazas

4º ESO: 28 prazas

1º BAC: 15 prazas (distribuídas por modalidades)

2º BAC: 20 prazas (distribuídas por modalidades)

➤ **Legislación aplicable:**

- DECRETO 12/2022, do 3 de febreiro de 2022 polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Enlace de descarga:

https://drive.google.com/file/d/176ZRNe6rnfGq_fnFV9488w8Bvt6xFwWe/view?usp=share_link

- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C)

Enlace de descarga:

https://drive.google.com/file/d/1ZRo-faJAiltMVuOm3IGXfZURdeWhNqr_/view?usp=share_link

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2023-24

- **FASE 1. Reserva de praza (centros adscritos).**
- **FASE 2. Proceso de admisión (alumnado de centros non adscritos)**

